

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE XANEIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 22 de xaneiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 17 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste ao punto 11a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Acto seguido comunica que con data 2 de xaneiro de 2020 se notificou aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes a resolución de clasificación deste procedemento e se requiriu a presentación da documentación esixida polo artigo 150 da LCSP e a cláusula 22 do PCAP. Todos os licitadores presentaron documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:

1. CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.: deberá presentar un novo anexo V ao PCAP (acordo de confidencialidade) debidamente cumprimentado.
2. GRUPO AVANTFOR, S.L.: deberá presentar a seguinte documentación:
 - Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:15	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4A-CBD2BE-D857AD-3THWJK-NW6U36-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

posto que realizada a consulta polo Servizo de Contratación a través da Plataforma de Intermediación de Datos consta que “No está al corrente de pago de deudas tributarias en período executivo”.

- Documentación esixida pola cláusula 22 do PCAP: anexo V (acordo de confidencialidade), anexo VI (nomeamento do delegado) e anexo VIII ao PCAP (compromiso de adscrición de medios).
 - Documentación esixida na cláusula 8:
 - *Habilitación profesional (apartado 5G do Anexo I): “inscripción no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o sistema de formación profesional para o emprego”.*
 - *Acreditación da solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP: “Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.*
3. MOBA SKILL TRAINING, S.L.: deberá acreditar que posúe a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I do PCAP, toda vez que na documentación presentada consta resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Xunta de Galicia de data 17 de xaneiro de 2017 na que se resolve manter a condición da entidade Monteblanco Agraria Gallega como centro inscrito en el Registro de Centros y Entidades de Formación de Galicia.
- Así mesmo deberá acreditar a solvencia técnica esixida na cláusula 8.4.3º e apartado 5C (“acreditarse mediante unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador. Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os servizos ou traballos efectuados acreditarse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.”).

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:15	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4A-CBD2BE-D857AD-3THWJK-NW6U36-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos SERVIZOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O “ESTUDO E ANÁLISE TÉCNICA DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS VINCULADOS Á REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.09.2019.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.09.2019

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO VINTE E UN MIL CENTO VINTE E CATRO EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (121.124,53 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 21.021,61 € €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1610.227.0600 (ESTUDOS E CONTROIS SERVIZO AUGA E ABASTECIMENTO).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019	50.000,00 €
2020	71.124,53 €



Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERYE INGENIEROS, S.L.	99,40
2	ECOSISTEMAS 2000 SL	74,80

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERYE INGENIEROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERYE INGENIEROS, S.L., o día 8 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:15	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4A-CBD2BE-D857AD-3THWJK-NW6U36-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERYE INGENIEROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERYE INGENIEROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 3 e 30 de decembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das seguintes exclusións:*
 - *Exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de decembro de 2019 de INGEAGUA, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor (apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP).*
 - *Exclusión acordada por resolución da concelleira delegada de Contratación o 8 de xaneiro de 2020 de PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas dentro do prazo concedido para o efecto.*
2. *Adxudicar a SERYE INGENIEROS, S.L. (B-70.543.012) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441) por un prezo total de 103.191,98 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.909,35 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:25



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:15	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4A-CBD2BE-D857AD-3THWJK-NW6U36-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:15	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAD4A-CBD2BE-D857AD-3THWJK-NW6U36-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		